



## **RESOLUCIÓN definitiva do 14 de abril de 2021 de selección dos proxectos que participarán no Living Lab de Ourense da Rede Galega de Living Labs de Saúde de Galicia – LABSAÚDE (Procedemento SA304B)**

Segundo o establecido no artigo 16 das bases reguladoras para o procedemento de selección das entidades que participarán no Living Lab de Ourense, publicadas pola Resolución do 3 de marzo de 2020 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG num. 50 do 13 de marzo de 2020), unha vez publicada a resolución provisional de selección de proxectos, e transcorrido o prazo para efectuar reclamacións ou renuncias, o comité de dirección de LABSAÚDE elevou a proposta definitiva á persoa titular da Presidencia da ACIS, polo que, en uso das facultades conferidas polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG nº 157, de 19 de agosto) e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria,

### **RESOLVO**

Ditar a resolución definitiva dos proxectos admitidos e excluídos para participar no Living Lab de Ourense. Dita listaxe acompáñase a esta resolución definitiva e publícase na páxina web do Servizo Galego de Saúde (sergas.gal) e da ACIS (acis.sergas.gal).

De conformidade co artigo 17, a publicación da resolución definitiva pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os recursos procedentes ante a Presidencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Julio García Comesaña





## Relación definitiva de proxectos admitidos e excluídos para a participación no Living Lab de Saúde de Ourense

### Listado definitivo de proxectos admitidos

	ACRÓNIMO	PROXECTO
1	HOMEWORKSREHAB	Rehabilitación virtual motora mediante habilidades domésticas
2	NEUROQUANT	Incorporación á práctica clínica de biomarcadores de neuroimáxen
3	MINERVA	Demostrador avanzado para o apoio á decisión clínica de enfermidades neurolóxicas
4	AVECEN	Asistente virtual para o envellecemento activo de persoas con enfermidades mentais neurodexenerativas
5	SEMDA	Estimulación multisensorial sala Snozelen axón
6	CI3D	Implantes personalizados

### Listado definitivo de proxectos excluídos

ACRÓNIMO	PROXECTO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
VIDEO4SENIORS	Integración de videochamada remota no proceso asistencial de persoas con idade avanzada	Non acadar a puntuación mínima nun dos criterios establecidos no artigo 14.2
RIDCAFA	Rehabilitación intensiva en dano cerebral adquirido en fase aguda	Non acadar a puntuación mínima nun dos criterios establecidos no artigo 14.2
RIDCAC	Rehabilitación intensiva en dano cerebral adquirido crónico	Non acadar a puntuación mínima nun dos criterios establecidos no artigo 14.2

